



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Mostraxe

Materia	Mostraxe			
Código	V03M184V01208			
Titulación	Máster Universitario en Técnicas Estadísticas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	5	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Estadística e investigación operativa			
Coordinador/a	Pérez González, Ana			
Profesorado	Mosquera Rodríguez, Manuel Alfredo Pérez González, Ana			
Correo-e	anapg@uvigo.es			
Web	<a href="http://eio.usc.es/pub/mte/">http://eio.usc.es/pub/mte/</a>			
Descrición xeral	Profesorado: Ana Pérez González (UVigo): 3 ECTS Manuel Alfredo Mosquera Rodríguez(UVIGO): 2 ECTS			
	Máis información en <a href="http://eio.usc.es/pub/mte/">http://eio.usc.es/pub/mte/</a>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C1	Coñecer, identificar, modelar, estudar e resolver problemas complexos de estatística e investigación operativa, nun contexto científico, tecnolóxico ou profesional, xurdidos en aplicacións reais.
C3	Adquirir coñecementos avanzados dos fundamentos teóricos subxacentes ás distintas metodoloxías da estatística e a investigación operativa, que permitan o seu desenvolvemento profesional especializado.
C5	Profundizar nos coñecementos nos fundamentos teórico-prácticos especializados do *modelado e estudo de distintos tipos de relacións de dependencia entre variables estadísticas
D2	Desenvolver habilidades avanzadas na xestión das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC), tanto para a obtención de información como para a difusión de coñecementos, nun campo científico / académico especializado, tecnolóxico ou multidisciplinar.
D4	Desenvolver unha sólida capacidade de organización e planificación do estudo, asumindo a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional, do rendemento do traballo en equipo e de forma autónoma. .

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Diseño dun plan de mostraxe. coñecemento da poboación e do marco mostral para o deseño do esquema de mostraxe.	C1 C3 D2 D4
Interpretación correcta dos resultados obtidos tras un proceso de mostraxe.	C1 C3 D4
Comprobación de supostos ou hipóteses para a correcta aplicación das técnicas de mostraxe.	C1 C3
Tratamento de datos e análise estatístico dos resultados obtidos.	C1 C3 C5 D2 D4

## Contidos

### Tema

Tema I.- Introducción á Mostraxe.	Introducción á Mostraxe. Ventaxas e límites. Errores que poden producirse. Tipos de Mostraxe. Marco de Mostraxe. Algunhos problemas asociados á formación do marco.
Tema II.- Principais estimadores da mostraxe probabilística.	Mostraxe probabilística con reposición. Mostraxe probabilística sin reposición.
Tema III.- Mostraxe aleatoria simple.	Estimación de medias e totais de variables cuantitativas. Intervalos de confianza. Determinación do tamaño mostral.
Tema IV.- Mostraxe de tipo Sistemático.	Formación dos estimadores. Propiedades dos estimadores. Ventaxas e inconvenientes fronte a outros esquemas de mostraxe.
Tema V.- Mostraxe aleatoria estratificada.	Estimadores da media e do total. Afixación da mostra por estratos. Determinación do tamaño mostral.
Tema VI.- Mostraxe por conglomerados.	Estimadores da media e do total. Determinación do tamaño mostral. Mostraxe bietápico.
Tema VII.- Estimadores de razón e de regresión.	Principales estimadores. Estudio do sesgo e da varianza dos estimadores

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	35	35	70
Prácticas con apoio das TIC	8	43	51
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	EXPLICACIÓN DOS CONTIDOS DOS DIFERENTES TEMAS DA MATERIA. Ademáis, os alumnos resolverán problemas plantexados polo docente a partir dos resultados teóricos explicados
Prácticas con apoio das TIC	Realización individualizada de prácticas planificadas no ordenador do alumno, utilizando programas estatísticos axeitados. O alumno recibe por adiantado o guión de cada práctica, e debe remitir o arquivo cos resultados unha vez completada.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Durante a prácticas os alumnos poden consultar dúbidas sobre os contidos da materia. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de MOOVI, ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Lección maxistral	Durante a clase os alumnos poden consultar dúbidas sobre os contidos da materia. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de MOOVI, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Prácticas con apoio das TIC	O alumnado realizará e entregará exercicios utilizando software estatístico a partir das prácticas realizadas polo profesorado, incluíndo a posibilidade de realizar unha avaliación por pares dos exercicios entregados	50	C1 C5	D4
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de diversas probas de preguntas de resposta curta ou resolución de problemas.	50	C1 C3 C5	D2 D4

## Outros comentarios sobre a Avaliación

## CRITERIOS E MÉTODOS DE AVALIACIÓN

A **avaliación continua** consiste en dúas partes:

- Parte I: Realización de probas teórico-prácticas, cun peso total do 50% na calificación final. Con estas probas valorarase o nivel adquirido polo alumnado nas competencias CG1-CG2, CG4-CG5, CB7, CB9-CB10, CT1, CT3, CE1, CE2, CE6 e CE8.
- Parte II: Realización das prácticas programadas ao longo do curso cun peso do 50% restante, que deberán ser presentadas co correspondente informe, interpretando os resultados e avaliando a aplicabilidade e o cumprimento das hipóteses necesarias. Nesta parte tamén se poderá requirir que se faga unha avaliación por pares das prácticas entregadas. Con estas prácticas valorarase o nivel adquirido polo alumnado nas competencias CG1-CG5, CB6-CB10, CT1-CT5, CE1, CE2, CE6, CE8 e CE10.

Para superar a materia é imprescindible conseguir polo menos un 5 na nota media das dúas partes (Parte I e Parte II). Ademais, será necesario conseguir polo menos un 5 na nota media das distintas probas teórico-prácticas (Parte I).

Na **avaliación global** realizarase un exame teórico-práctico que consiste na resolución de problemas semellantes aos exemplos e prácticas resoltas durante o curso na data oficial do exame. Este sistema de avaliación utilizarase tamén na convocatoria de Xullo.

Considérase que un alumno segue a avaliación continua cando se presentou a algunha das probas/actividades de avaliación desta modalidade.

Aquel estudante que utilice ou coopere en procedementos fraudulentos (copiar, presentarse por outro alumno, plaxio, ...) nalgunha das actividades de avaliación terá unha cualificación final de suspenso neste curso académico. Este feito será comunicado á autoridade competente para que tome as accións disciplinarias que considere oportunas.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Ramón Fernández García, **Muestreo de Poblaciones Finitas. Curso Básico**, Ed. PPU, Barcelona,

Cesar Perez Lopez, **Muestreo Estadístico**, Ed. Ibergarceta. Madrid,

Richard Scheaffer, **Elementos de Muestreo**, Ed. Thomson. Madrid,

Miguel Santesteban Mestre, **Diseño y Análisis de Encuestas en Investigación Social y de Mercados**, Ed. Pirámide Madrid,

V.G. Manzano, **Manual para Encuestadores**, Ed. Ariel. Barcelona,

Thomas Lumley, **Complex Surveys: A Guide to Analysis Using R**, Ed. Wiley,

Levy, P, **Sampling of Populations: Methods and Applications**, Wiley Series in Survey Methodology,

#### **Bibliografía Complementaria**

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

-É conveniente cursar esta materia con coñecementos medios de cálculo de probabilidades, estatística descriptiva e inferencia estatística. Tamén é recomendable ter habilidades medias no uso de ordenadores, especialmente linguaxes de programación e de software estatístico (esencialmente R).

-Recoméndase acudir á asignatura cun alto nivel de interese polos resultados matemáticos relacionados coa Mostraxe.

- Nos casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas, aplicarase o establecido na normativa respectiva das universidades participantes no Máster en Técnicas Estatísticas.

- Esta guía e os criterios e metodoloxías descritos nela están suxeitos a modificacións derivadas da normativa e directrices das universidades participantes no Máster en Técnicas Estatísticas.

---